



### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN E PEDAGÓXICO “APRENDE XOGANDO”. EXPDTE REF: 3-2017. Lectura de informe técnico e apertura das ofertas económicas.**

Sendo as 13:00 horas do día 9 de xaneiro de 2018, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla, 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe de Contratación, Patrimonio e Fomento don Xosé Manuel Cao Rei e actuando como vocais:

- don Manuel Louzao Aldariz, Asesor Xurídico do Concello de Lugo.
- dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de contratación actuando como Secretaria.
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello de Lugo.
- dona María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

Asiste ó acto tamén dona Esperanza Díez Ferrera de CCOO en nome das traballadoras.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese a dar lectura dos informes técnicos solicitados pola mesa de contratación en relación aos criterios non avaliados automaticamente das empresas admitidas á licitación e emitidos pola avogada da Casa da Muller respecto da valoración da calidade do programa educativo e polos técnicos dos Servizos de Intervención e Contratación respecto da calidade no emprego, do teor literal seguinte:

#### **<< INFORME TÉCNICO RELATIVO Á VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS POLOS/AS LICITADORES/AS NO PROCEDIMENTO DA CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN E PEDAGÓXICO “APRENDE XOGANDO”**

Vistas as propostas presentadas polas licitadoras concorrentes **A BILLARDA S.L. e SERVIPLUSTOTAL S.L.U.** e os criterios de valoración para a selección da empresa adjudicataria, en relación á calidade do programa educativo, emítese o seguinte **INFORME**:

Respecto da **valoración da calidade do programa educativo**, estírmase que as licitadoras, en xeral, merecen unha valoración alta en canto á súa adecuación ás materias a considerar neste apartado, a saber: igualdade de xénero e coeducación, educación para a diversidade, educación para a paz e educación medioambiental. Se ben, cómpre facer as seguintes consideracións:

- **SERVIPLUSTOTAL S.L.U.**: presenta obxectivos e contidos axustados ás materias sobre as que debe incidir o programa educativo “Aprende xogando”, nomeando actividades, sen describir o seu desenrolo e sen incluír a programación dos períodos non lectivos, así como un calendario semicompleto e temporalización xenérica de cada un dos apartados, pero nos indicadores e mecanismos de avaliación interfere na organización e supervisión do programa, que levará a cabo a Casa da Muller.



## CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refº: ACTA LECT INF E APERT OFERTA ECONOMICA

Asunto:

- A BILLARDA S.L.: presenta obxectivos e contidos axustados ás materias sobre as que debe incidir o programa educativo "Aprende xogando", se ben, ó xuízo da que suscribe, describe máis polo miúdo e con maior concreción tanto a metodoloxía como as actividades educativas a desenvolver nas distintas áreas. O calendario presentado é semanal e distingue entre período lectivo e non lectivo, cada día realizarán actividades dun dos epígrafes. Descrición completa e detallada de actividades, con subapartados, materiais precisos, duración, variacións segundo as idades, .... Polo que atinxe ó tipo de actividades, convén destacar que ademais das actuacións de tipoloxía lúdica, relacionadas máis directamente co obxecto do Programa, hai outro tipo de actividades como obradoiros, de reforzo escolar, ...

### PUNTUACIÓN:

#### A BILLARDA S.L.: 36 PUNTOS

- proposta educativa en materia de igualdade de xénero e coeducación: 9 puntos
- proposta educativa en materia de educación para a diversidade: 9 puntos
- proposta educativa en materia de educación para a paz: 9 puntos
- proposta educativa en materia de educación ambiental: 9 puntos

#### SERVIPLUSTOTAL S.L.U.: 14 PUNTOS

- proposta educativa en materia de igualdade de xénero e coeducación: 3'5 puntos
- proposta educativa en materia de educación para a diversidade: 3'5 puntos
- proposta educativa en materia de educación para a paz: 3'5 puntos
- proposta educativa en materia de educación ambiental: 3'5 puntos

En consecuencia, e considerando todos os puntos sometidos a análise estimo que a empresa que presenta a proposición máis ventaxosa é **A BILLARDA S.L.**

É canto procede informar, en Lugo, a 18 de decembro de 2017 >>.

### **<< INFORME CONXUNTO DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN E O SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN E PEDAGÓXICO "APRENDE XOGANDO". VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN (CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMATICAMENTE) RELATIVAS Á CALIDADE NO EMPREGO.**

A mesa de contratación do Concello de Lugo, reunida en sesión do 20 de outubro de 2017 acordou solicitar informe técnico sobre os criterios non avaliados automaticamente aos Servizos de Intervención e Contratación no referido á valoración dos aspectos relativos á calidade no emprego e plan de formación; incluídos nas ofertas presentadas no procedemento de referencia.

Segundo establece a cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas particulares, estes **criterios non avaliados automaticamente, no relativo á calidade no emprego e plan de formación**, son os seguintes:

**CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR: Ata 10 puntos co seguinte desglose:**

(...)

**12.2.2.- CALIDADE NO EMPREGO: Ata 7,5 puntos detallados como segue:**

Valoraranse as proposicións dos licitadores que impliquen unha mellora nas condicións salariais (neste apartado só se avaliará o incremento retributivo dos complementos salariais, pluses, dietas e outras indemnizacións) e condicións laborais que melloren o disposto no I Convenio colectivo marco estatal de Ocio Educativo e Animación Sociocultural (que se menciona aquí exclusivamente a estes efectos) e se comprometa a empresa licitadora a aplicar ao persoal que executará o contrato.

A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

- Melloras que supoñan un incremento retributivo dos complementos salariais (tanto persoais por antigüidade, coma do posto de traballo - penosidade, perigosidade, turnicidade, nocturnidade - e complementos por calidade e cantidade de traballo – incentivos de asistencia e puntualidade, melloras das pagas extraordinarias, etc.), pluses, axudas familiares, dietas e outras indemnizacións: Ata 5 puntos.

Para a súa valoración a empresa licitadora deberá presentar unha proposta técnica que detalle as condicións salariais que se melloran (excluíndo calquera referencia ao incremento retributivo sobre o salario base xa que é información que debe estar no sobre C). A estes efectos chegarán unha táboa comparativa na que se identifiquen, por un lado as condicións salariais fixadas regulamentariamente ou no convenio colectivo indicado que se pretenden mellorar, e por outro a mellora específica ofertada de xeito que se permita unha axeitada avaliación.

**A falta de presentación da dita táboa implicará a non avaliación do ofertado neste punto.**

Non se avaliarán as melloras ofertadas no caso de que á vista das necesidades de prestación do servizo as mesmas non podan ser efectivamente aplicadas durante a execución do contrato (p.ex. incrementos de plus de nocturnidade cando non se precisan horas nocturnas para a prestación do servizo).

- Melloras doutro tipo nas condicións laborais dos traballadores adscritos á execución do contrato. Ata 2,5 puntos.

Valorarase neste apartado as propostas que supoñan unha mellora real nas condicións laborais dos traballadores adscritos á execución deste contrato e de mellora da conciliación da vida persoal e laboral. Non se avaliarán as melloras que simplemente recollan declaracións xerais de boas prácticas ou intencións ou que simplemente garantan o cumprimento de obrigas legais ou regulamentarias que xa corresponden á empresa.

Así, neste apartado avaliarase a concesión de permisos, licenzas, vacacións, etc. que melloren o establecido no convenio colectivo indicado.

A estes efectos chegarán unha táboa comparativa na que se identifiquen, por un lado as condicións laborais fixadas regulamentariamente ou no convenio colectivo indicado que se pretenden mellorar, e por outro a mellora específica ofertada de xeito que se permita unha axeitada avaliación.

**A falta de presentación de presentación da dita táboa implicará a non avaliación do ofertado neste punto.**

**12.2.3.- PLAN DE FORMACIÓN: Ata 2,5 puntos.**

Avaliarase o plan de formación que se compromete a ofertar aos traballadores asignados ao servizo obxecto do contrato.

## CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refª: ACTA LECT INF E APERT OFERTA ECONOMICA

Asunto:

*A formación deberá necesariamente estar relacionada coas funcións propias do posto a desempeñar polos traballadores, incluída a formación en igualdade, e estar impartida por centros que contén coas acreditacións e homologacións correspondentes (non se avaliará a formación que sexa obrigatoria por cumprimento dunha norma legal e polo tanto necesaria para a execución do servizo). Deberán indicarse claramente o número de cursos de formación e o número de horas de que consta cada un deles.*

No procedemento de licitación tomaron parte e foron admitidas as seguintes empresas:

- 1.- A BILLARDA, S.L
- 2.- SERVIPLUS TOTAL, S.L

Tras a apertura dos sobres B, as súas proposicións son as seguintes:

### 1.- A BILLARDA S.L. presenta a seguinte oferta:

#### **1.1. Melloras que supoñan un incremento retributivo dos complementos salariais:**

CONCEPTO	CONVENIO	MELLORA
Plus produtividade	NON contempla	100 €/ano para distribuír entre os traballadores (1)

(1) Non téndose establecida ningunha condición para a súa distribución, enténdese que este plus é aplicable directamente sen depender de ningún tipo de rendemento especial por parte dos traballadores. Así pois é unha mellora de fácil demostración podendo asegurarse o seu cumprimento. Os traballadores contemplados son:

-8 monitores a xornada completa durante 3 meses (vacacións escolares: horario de mañá, de 9:00 a 14:00 horas, e tarde, de 16:00 a 20:30 horas).

-8 monitores a media xornada durante 9 meses (período escolar: tan só horario de tarde, entre as 16:00 e as 20:30 horas).

-4 monitores a media xornada de mañás durante 3 meses (reforzo nas vacacións escolares de verán. 3 para o Centro de María Baiteira e 1 para a aula de A Milagrosa)..

#### **1.2. Melloras doutro tipo nas condicións laborais:**

CONCEPTO	CONVENIO	MELLORA OFERTADA
Permiso matrimonio	15 días	16 días (1 máis)
Permiso voda familiar	1 día	2 días (1 máis)
Permiso nacemento fillo/a	3 días	15 días ( 12 máis)
Permiso non retribuído *	Ata 10 días	Ata 60 días (50 días máis).
Mínimo excedencia voluntaria	4 meses	15 días
Mínimo para desfrute excedencia	Transcurso 4 anos entre una excedencia e outra	Transcurso 3 meses entre excedencia e outra
Máximo excedencia coidado fillos	3 anos	12 anos
Máximo excedencia coidado familiares	2 anos	4 anos
Ampliación permiso paternidade	13 días	30 días (17 máis)
Ampliación horas sindicais retribuídas	Ata 100 traballadores: 15 h 101-250 traballadores: 20 h 251-500: 30 h	40 horas

	501-750: 35 h 751 - : 40 h	
Período proba*	Grupo 1: 6 meses Grupo 2: 2 meses Grupo 3, 4, 5 e 6: 1 mes	Todos grupos: 0 días
Cese voluntario: preaviso notificación.	Grupo 1: 2 meses Grupo 2: 1 mes Grupo 3, 4, 5 e 6: 15 días	Todos grupos: 1 día
Permiso retribuído consulta médica pública/privada traballador/familiar 2º grao..	NON contempla	O tempo necesario para a consulta

A empresa oferta 13 apartados con melloras concretas sobre o Convenio colectivo. Hai que salientar que a aplicación de moitas delas dependerán de ter ou non fillos, persoas dependentes ou de que se produza o evento para o que se solicita o permiso.

\* Non obstante sí se considera de interese o incremento do permiso non retribuído así como a ausencia dun período de proba por non depender de ningún feito fortuito. Contempla bastantes medidas que permiten a conciliación da vida persoal e laboral.

### 1.3 Plan de Formación:

CONCEPTO	DURACION
Igualdade de xénero	100 horas anuais (1) (especifica que son aparte da formación establecida por Lei).
Monitor de tempo libre	350 horas.

Total formación: 450 horas

(1) Sinalar que o Convenio colectivo obriga a unha formación mínima de 20 horas anuais

## 2.- SERVIPLUSTOTAL S.L. presenta a seguinte oferta:

### 2.1. Melloras que supoñan un incremento retributivo dos complementos salariais

- Retribución extra equivalente a unha nómina por presentación de idea/proposta vinculada ao proxecto que implique aforro ou incremento de facturación superior ao 5% do contrato.
- Plus produtividade a traballadores que destaquen pola boa execución do traballo e obteñan na cualificación en enquisas de satisfacción de sobresaínte. O importe é o resultado de dividir o 33% do beneficio neto do contrato entre aqueles traballadores
- Plus transporte sempre e cando o posto de traballo se atope a máis de 30 km.

\* NON ACHEGA TÁBOA COMPARATIVA.

### 2.2. Melloras doutro tipo nas condicións laborais:

Manifesta que os traballadores se rexen por convenio colectivo de ensinanza non reglada e que as melloras son sobre os mínimos da Lei Orgánica 3/2007 de igualdade efectiva de mulleres e homes e o Decreto Lexislativo 2/2015 de Galicia en materia de igualdade.

- Flexibilidade horaria para estudos académicos e profesionais
- Adaptación horarios para conciliación vida laboral e familiar e atención persoas dependentes

## CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refª: ACTA LECT INF E APERT OFERTA ECONOMICA

Asunto:

- Cobertura prioritaria de vacantes cando se trate de vítimas violencia, discapacitados e en risco de exclusión.

- Persoas con fillos discapacidade superior 33%: 2,5 horas flexibilidade diaria

- Axuda económica 100 euros estudos universitarios

- Desconto 25% a fillos para campus fútbol organizados pola empresa

- Desconto 50% traballadores/fillos para Aquapark Cerceda (1 día/tempada)

- Permiso matrimonio: 16 días

- Permiso non retribuído: 10 días/ano.

- Permiso matrimonio 1º grao: 5 días sempre que evento a máis de 100 km de Lugo

- Préstamo ata 3 nóminas para artigos de primeira necesidade

- Aluguer gratuito furgoneta mudanza para mudanza ou necesidade xustificada

- Excedencia: antigüidade do traballador de 6 meses

\* NON ACHEGA TÁBOA COMPARATIVA:

### 1.3 Plan de Formación:

CONCEPTO	DURACIÓN
Curso Inglés	100 horas
Curso primeiros auxilios	100 horas
Curso Plan Igualdade	100 horas
Curso riscos laborais	100 horas

Total: 400 horas. Non indica se supera as 20 mínimas do Convenio. A formación en riscos laborais básica do posto de traballo é obrigatoria, o mesmo que o curso básico de primeiros auxilios. Non obstante sí que se avalúan á vista do número de horas ofertados por superar a formación mínima.

En consecuencia, tras a análise pormenorizada de ditas ofertas, a súa comparación e a consideración do seu impacto nos servizos a prestar e nos traballadores asignados aos mesmos, propóñense as seguintes puntuacións:

	Melloras salariais Máximo 5 ptos	Melloras laborais Máximo 2,5	Plan de formación Máximo 2,5	Total
A BILLARDA, S.L	1,00	2,00	2,50	5,50
SERVIPLUSTOTAL S.L.	0,00	0,00	2,10	2,10

Lugo, 8 de xaneiro de 2017. >>

Así pois o **cadro de puntuación relativo á oferta técnica** sería o seguinte:

EMPRESAS	Proposta igualdade de xénero e coeducación	Proposta mat. Educación para a diversidade	Proposta materia educación para paz	Proposta materia educac. ambtal	TOTAL PTOS OFERTA TÉCNICA
<b>A BILLARDA, S.L.</b>	9 ptos	9 ptos	9 ptos	9 ptos	<b>36 ptos</b>
<b>SERVIPLUSTOTAL, S.L.U.</b>	3,5 ptos	3,5 ptos	3,5 ptos	3,5 ptos	<b>14 ptos</b>

A continuación procédese á **apertura dos sobres C)** de ofertas relativas a criterios avaliáveis automáticamente, co seguinte resultado:

. **A BILLARDA, S.L.**, propón como prezo de contrato para a primeira anualidade 118.000 euros, polo que sumado o IVE (10%) 11.800 euros, resulta un total para a primeira anualidade de **129.800 euros, IVE incluído.**

. Oferta **unha cantidade económica anual** destinada á adquisición de material funxible necesario para o desenvolvemento do programa de **10 euros, IVE incluído.**

. Oferta un **incremento sobre as retribucións do salario base do 0,5 % sobre o establecido no I Convenio Colectivo Marco Estatal de Ocio Educativo e Animación Sociocultural** (que se menciona aquí exclusivamente a estes efectos) e que me comprometo a aplicar ao persoal adscrito á execución do contrato.

. Oferta **1 hora anual a maiores** dos previstos nos pregos como necesarios para o desenvolvemento do programa.

. **SERVIPLUSTOTAL, S.L.U.**, propón como prezo de contrato para a primeira anualidade de 118.949 euros, polo que sumado o IVE (21%) 11.894 euros, resulta un total para a primeira anualidade de **130.843,90 euros, IVE incluído.**

. Oferta **unha cantidade económica anual** destinada á adquisición de material funxible necesario para o desenvolvemento do programa de **9.680 euros, IVE incluído.**

. Oferta un **incremento sobre as retribucións do salario base do 0,5 euros \* sobre o establecido no I Convenio Colectivo Marco Estatal de Ocio Educativo e Animación Sociocultural** (que se menciona aquí exclusivamente a estes efectos) e que me comprometo a aplicar ao persoal adscrito á execución do contrato.

\* Os membros da Mesa analizan a oferta presentada por SERVIPLUSTOTAL xa que non respecta o establecido nos pregos en canto a súa forma de presentación.

Así, a cláusula novena establece que a oferta relativa a este apartado debía indicar porcentaxe ("*d*) *Oferta un incremento sobre as retribucións do salario base de ..... (indicar porcentaxe) sobre o establecido no I Convenio Colectivo Marco Estatal de Ocio Educativo e Animación Sociocultural ...*). Do mesmo xeito a cláusula décimo segunda establece que "*....valorarase a mellora das condicións salariais dos traballadores adscritos á execución do contrato consistente **exclusivamente no incremento (establecido en porcentaxe %) das retribucións do salario base...***" e que "*Os que **oferten maior porcentaxe** de subida respecto ao salario base indicado obterá a máxima puntuación (10 puntos), os que non oferten incremento obterán 0 puntos e o resto de xeito directamente proporcional.*"

En consecuencia os membros da mesa acordan non valorar este apartado concreto por non terse realizado a dita oferta nos termos establecidos. Non obstante o anterior, cómpre manifestar que, á vista das puntuacións acadadas no resto de

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

XMCR/cbg

Ref: ACTA LECT INF E APERT OFERTA ECONOMICA

Asunto:

critérios, en ningún caso a hipotética valoración deste apartado – ben por entender a existencia dun erro non invalidante ou ben por recondución da oferta a unha porcentaxe – non tería producido un resultado distinto ao finalmente obtido da puntuación total, de modo que non resultaría a dita empresa adxudicataria do contrato.

. Oferta **50 horas anuais a maiores** dos previstos nos pregos como necesarios para o desenvolvemento do programa.

A continuación os integrantes da mesa proceden á valoración das ofertas presentadas neste sobre C segundo os criterios de adxudicación previstos nos pregos de cláusulas administrativas particulares, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

**CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE:**

EMPRESA	Oferta Económica	Cantidade Econ. Mat.	Mellora Salario Base	Horas gratuítas	TOTAL Puntos Criterios Automáticos
A BILLARDA, S.L.	25,00	0,01	10,00	0,18	35,19
SERVIPLUSTOTAL, S.L.	16,92	10,00	0,00	9,00	35,92

Por conseguinte o cadro final de puntuacións tendo en conta a oferta técnica mailos criterios avaliáveis mediante a aplicación de fórmulas quedaría do seguinte xeito:

EMPRESA	TOTAL Puntos Criterios Automáticos	TOTAL Puntos Criterios Non Automáticos	PUNTUACIÓN TOTAL (AUTOM + NON AUTOM.)
A BILLARDA, S.L. ==>	35,19	41,50	<b>76,69</b>
SERVIPLUSTOTAL, S.L. ==>	35,92	16,10	<b>52,02</b>

Así pois en vista das puntuacións, a mesa de contratación propón como oferta economicamente máis vantaxosa a presentada pola empresa **A BILLARDA, S.L.**

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:45 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE

Asdo.: Xosé Manuel Cao Reb



A SECRETARÍA

Asdo.: Ana Tabares Martínez.